



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/11	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	6 de marzo de 2017
Duración	Desde as 19:05 ata as 19:25 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRÉS GARCÍA BASTÓN	SÍ
53171075C	EVA RODRÍGUEZ CALVAR	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	NON
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día



A) PARTE RESOLUTIVA

**APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES
REALIZADAS OS DÍAS 13 E 20 DE FEBREIRO DE 2017**

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 13 e 20 de febreiro de 2017.

Expediente 1010/2017. SINALIZACIÓN

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA-INFORME Nº 298/17 DA POLICÍA LOCAL

ASUNTO: SINALIZACIÓN DE RESERVADO A PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN RÚA SEIXO, Nº 16-CANGAS

A Policía Local de Cangas con relación ao escrito presentado por J.M.P. no que solicita sinalización que se menciona no asunto, informa:

Por parte desta policía non existe inconveniente en conceder o solicitado xa que na citada rúa non existe ningunha sinalización deste tipo.

Expediente 636/2017. VADO E PINTADO

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA-INFORME Nº 301/17 DA POLICÍA LOCAL

ASUNTO: PASAXE PERMANENTE E PINTADO DE AMARELO EN RÚA ARRECIFE, Nº 12-CANGASA

A Policía Local de Cangas, con relación ao escrito presentado por D.A.P., con enderezo en rúa Fomento, nº 38-1ªA-Cangas, no que solicita unha pasaxe permanente e pintado de amarelo para carga e descarga do seu vehículo, infórmase:

Por parte desta Policía non existe inconveniente en conceder a pasaxe permanente e o pintado de liña amarela.

Facer constar que o pintado é para a entrada e saída de vehículos, pero non para a carga e descarga.



Concello de Cangas

Expediente 1006/2017. .PASAXE PERMANENTE

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA-INFORME Nº 299/17 DA POLICÍA LOCAL
ASUNTO: PASAXE PERMANENTE NA AVDA. DE VIGO, Nº 98-CANGAS

A Policía Local de Cangas con relación ao escrito presentado por R.R.G., con enderezo na Avda. de Vigo, nº 98, no que solicita un sinal de pasaxe permanente para o baixo da vivenda (achégase foto). Por parte desta Policía non existe inconveniente en conceder o solicitado.

Expediente 1007/2017. SINALIZACIÓN

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA-INFORME Nº 300/17 DA POLICÍA LOCAL
ASUNTO: BADÉNS EN RÚA CIMA DE VILA

A Policía Local de Cangas, con relación ao escrito presentado por A.M.F., con enderezo en Cima de Vila-Darbo, no que solicita uns redutores de velocidade no vial debido á alta velocidade con que circulan os vehículos. Por parte desta Policía non existe inconveniente en conceder o solicitado, podendo ser necesario como medida de seguridade viaria.

Expediente 839/2017. LICENCIA DE OBRAS A R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 839/17.- A R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, SA, con domicilio a efectos de notificacións en rúa Real, nº 85-15003-A Coruña, para en rúa da Marina-esquina Avda. Eugenio Sequeiros, nº 30-Cangas, autorizar a ocupación do dominio público e executar unha acometida de 2,90 metros, para dar servizo á vivenda de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose empregar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, SA, o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 889/2017. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 21.642(889/17).- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR C.U.P.P.- Outorgar, tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 14 de febreiro de 2017, LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a C.U.P.P., con enderezo na Devesa, nº 1-A-Coiro, para vivenda, sita no referido lugar, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 20.939.

Expediente 538/2017. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 19.320.-(538/17).- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR O.C.T. E E.L.S.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 2 de marzo de 2017, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a O.C.T. e E.L.S., con enderezo en Lajes do Pico, nº 12-Balea, para vivenda, sita no referido lugar, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 18.983.

Expediente 1014/2017. Dación conta da declaración de ineficacia da Comunicación previa (EXPTE. 25.917)



Concello de Cangas

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 1014/17 (EXPT. Nº 25.917).- Por Resolución de Alcaldía de data 19.12.2016 declarouse a ineficacia da comunicación previa o 19.12.2016 presentada por M.P.N., con domicilio para efectos de notificacións na Avda. de Vigo, nº 95-baixo dereita-Cangas, para obras de cerramento de parcela “Area Milla”, con referencia catastral 36008A050001730000JI, sita en Balea-Darbo.</p>	

Expediente 910/2017. Cambio de Titularidade de Licenza Urbanística a favor de A.F.C.(Epte.24.550 Lic.:23.750)	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>De conformidade co previsto no art.172 do Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais formulo a seguinte PROPOSTA á Xunta de Goberno Local para dar conta da comunicación previa presentada: EXPEDIENTE Nº 910/17 .- A A.F.C., con enderezo a efectos de notificacións en Rúa A Madalena, nº 92-Darbo, para cambio de titularidade da licenza número 23.750 concedida a nome de Marítimo Rodeira, SL.</p>	

Expediente 388/2017. Cambio de Titularidade Actividade	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte comunicación previa presentada: EXPEDIENTE Nº 388/2017.- F.B.R.G., para cambio de titularidade de local dedicado a ximnasio na Avda. Vigo, nº 154-baixo-Cangas.</p>	

Expediente 278/2017. Cambio de Titularidade de Actividade	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte comunicación previa presentada: EXPEDIENTE Nº 278/2017.- QAMAR ZAMAN, para cambio de titularidade de bar sito en rúa Redondela, nº 1-baixo-Cangas.</p>	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente 347/2017. Dación conta comunicación previa actividade

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte comunicación previa de actividade:

EXPEDIENTE Nº 347/2017.- RECAMBIOS MOURENTE SL, para comercio polo miúdo de accesorios e pezas de recambio, sito na Avda. de Bueu, nº 30-baixo-Cangas.

Expediente 504/2017. Comunicación Previa de Actividade Inocua (Expediente 504/2017)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte comunicación previa de actividade presentada, logo da visita favorable do técnico municipal:

EXPEDIENTE Nº 504/2017.- FORTE DENTAL SALUD SL, para clínica dental en rúa Féliz Ozámiz, nº 30-baixo-Cangas.

Expediente 121/2017. Cambio de Titularidade para o Exercicio de Actividade

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte comunicación previa presentada:

EXPEDIENTE Nº 121/2017.- Presentada por L.G.G., para cambiar a titularidade da actividade a desenvolver no local sito en rúa Antonio Nores, nº 7-baixo-Cangas, dedicado a centro de fisioterapia.

Expediente 578/2017. Infracción Urbanística-41/2016 A.B.S.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 41/2016- X . 578/2017
PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Resultando que no lugar da Rosada-Coiro, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar unha caseta de aproximadamente 6 m2., arrimada ao lindeiro.



Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados A.B.S., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 158.4 da mesma norma, visto o informe do arquitecto municipal de data 28.02.2017.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros, de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente de sanción por infracción urbanística de conformidade coa Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución: A.B.S.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento de sanción a María Rodríguez Gómez, sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento de sanción, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento de sanción.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso, e simultaneamente, notificar a presente resolución (de ser o caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de **QUINCE DÍAS** para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como **PROPOSTA DE**



Concello de Cangas

RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente.

Expediente 699/2017. Infracción Urbanística- 22-2016 M.R.C.M.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 22/2016 S-699/2017

PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Resultando que no lugar de Liméns-O Hío, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar dúas edificacións de planta baixa cunha superficie total de aproximadamente 70 m²., en calidade de edificacións adxectivas.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, M.R.C.M., promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/16, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 158.4 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros, de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente de sanción por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento de sanción a María Rodríguez

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Gómez, sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento de sanción, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repaña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento de sanción.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso, e simultaneamente, notificar a presente resolución (de ser o caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e informacións estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente.

Expediente 432/2017. PA 47/2015 (EXECUCION DEFINITIVA 33/2016)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta da Providencia remitida polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra

PA 47/2015.- EXECUCIÓN DEFINITIVA 33/2016 PROVIDENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1

- A persoa recorrente: M.V.C.

- Contido: remítese providencia pola que se require ao Sr. alcalde do Concello de Cangas, persoa responsable de levar a cabo os actos necesarios para dar cumprimento á sentenza, para que proceda a EXECUTAR completamente a sentenza da que deriva a presente execución, nun prazo máximo de 3 meses, con expreso apercibimento de imposición de multas coercitivas e demais apercibimentos legais.



**DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 29/2017 DITADO POLO XULGADO
CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 O 17 DE FEBREIRO DE 2017**

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentime
nto

PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO DE CUSTAS DERIVADAS DA PEZA DE TASACIÓN DE CUSTAS 58/2016 0001, DERIVADA DO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 58/2016, TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DE J.S.M.

Visto o Decreto ditado en data 17.02.2017 polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra na Peza de Taxación de Custas 58/2016 0001 no Procedemento Abreviado nº 58/2016 instruído a instancia de J.S.M.

Visto que o citado Decreto aproba definitivamente a taxación de custas por importe de catrocentos oitenta e catro euros (484,00 €), a cuxo pagamento resultou condenado este Concello.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Recoñecer a obriga por catrocentos oitenta e catro euros (484,00 €) en concepto de custas procesais con base ao disposto no Decreto de data 17.02.2017 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra recaído na Peza de Taxación de Custas 58/2016 0001 no Procedemento Abreviado nº 58/2016 instruído a instancia de J.S.M.

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Urbanismo, Intervención e Tesourería.

Expediente 961/2017. Dación de conta da solicitude subvención EDLP 2027 (Consellería do Mar)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Visto o disposto na Orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020 e se convocan as correspondentes ao ano 2016.

Presentado o proxecto elaborado ao abeiro da sinalada Orde, denominado “Son do Mar”, que ten por obxecto fomentar o crecemento económico, a inclusión social, a creación e a mobilidade laboral nas comunidades costeiras e de interior dependentes da pesca e a acuicultura, así como, a diversificación das actividades realizadas no marco da pesca e respecto doutros sectores da economía marítima.



Concello de Cangas

De conformidade co artigo 21.1 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de inversión denominado “Son do Mar” cun orzamento para o Concello de Cangas de sesenta e un mil douscentos vinte e seis euros (61.226,00 €) (50.600,00 € máis 10.626 euros de IVE).

SEGUNDO.- Solicitar á Consellería do Mar, ao abeiro da Orde do 24 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) (DOGA núm. 109 de 09.06.16), unha subvención por importe de sesenta e un mil douscentos vinte e seis euros (61.226,00 €) (50.600,00 € máis 10.626 euros de IVE), para a realización do proxecto de investimento denominado “Son do Mar”.

TERCEIRO.- Declarar que para esta mesma actuación non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención.

CUARTO.- Comprometerse ao financiamento que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria, ata o importe total da execución prevista.

QUINTO: Dar conta de esta Resolución na vindeira Xunta de Goberno Local que se realice.

Expediente 254/2017. MERCADILLO 2017

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2017

I.-O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) no seu capítulo IV, prevé que as autorizacións outórganse por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2016, os titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2017 no modelo formalizado proporcionado outorgando un período de tempo para tal efecto.

II.- O órgano competente para o outorgamento das licencias municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 18.2 do regulamento que dispón que se concederán '*previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos*'.

III.- Comprobada a documentación presentada polos interesados dentro do prazo outorgado para a renovación de licencias, despois de emendar as deficiencias observadas inicialmente por cumprir cos requisitos esixidos procede adoptar o presente acordo polo que se outorga a renovación para o presente ano 2016 das licencias municipais de venda ambulante das que

Concello de Cangas



son titulares as persoas que a continuación se identifican.

IV.- Do mesmo xeito procede tralo remate do proceso indicado declarar revogadas as licencias de venda ambulante daqueles titulares que non presentaron a súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado.

Á vista do anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

Primeiro.- Renovar as licencias municipais de venda ambulante para o ano natural 2017 ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08.04.2013) a:

- Ref: 1. S.K.G
- Ref: 3. Y.D.D.
- Ref: 4. M.E.P.B.
- Ref: 5. P.M.G
- Ref: 6. M.J.C.L.
- Ref: 7. A.F.B.
- Ref: 10. F.L.P.P.
- Ref: 11. F.J.B.
- Ref: 13. M.L.G.G.
- Ref: 14. P.J.P.
- Ref: 15. F.S.P.
- Ref: 16. F.J.G.A.
- Ref: 18. C.F.T.
- Ref: 19. J.M.D.G
- Ref: 20. J.A.B.L.
- Ref: 22. J.J.B.
- Ref: 23. E.R.G
- Ref: 24. M.I.P.C.
- Ref: 26. F.N.G
- Ref: 27. M.A.A.
- Ref: 28. M.C.B.
- Ref: 29. L.G.L.
- Ref: 31. L.C.C.
- Ref: 33. A.P.A.
- Ref: 34. M.A.C.
- Ref: 35. J.D.G
- Ref: 37. M.P.D.M.
- Ref: 38. M.T.S.T.
- Ref: 39. M.Y.N.L.
- Ref: 40. M.E.G.P.
- Ref: 41. F.J.V.A.
- Ref: 42. L.S.V.
- Ref: 43. M.P.G
- Ref: 45. R.J.S.
- Ref: 46. V.B.G
- Ref: 47. S.G.G
- Ref: 50. P.J.S.
- Ref: 51. J.A.J.B.
- Ref: 52. M.C.F.R.



Concello de Cangas

- Ref: 53. M.S.F.
- Ref: 54. A.M.T.G.
- Ref: 55. S.T.
- Ref: 56. M.A.F.
- Ref: 57. A.S.J.
- Ref: 58. M.C.A.F.
- Ref: 62. Panadería Confitería Laura SL
- Ref: 63. Past River SL
- Ref: 64. M.C.G.
- Ref: 65. D.E.J.
- Ref: 66. M.D.S.M.
- Ref: 67. R.C.M.
- Ref: 69. S.E.R.
- Ref: 71. A.P.A.
- Ref: 72. C.R.V.
- Ref: 73. R.S.J.
- Ref: 74. S.D.B.
- Ref: 75. O.E.G.
- Ref: 80. A.M.P.M.
- Ref: 83. J.A.R.R.
- Ref: 85. A.V.F.
- Ref: 86. M.D.L.
- Ref: 87. B.F.
- Ref: 88. P.G.C.
- Ref: 89. M.E.C.G.
- Ref: 90. H.C.O.
- Ref: 91. M.T.N.P.
- Ref: 93. M.C.V.S.
- Ref: 94. M.F.
- Ref: 97. M.N.
- Ref: 98. M.C.F.P.
- Ref: 99. P.I.E.J.
- Ref: 101. P.T.L.
- Ref: 102. M.T.S.N.
- Ref: 104. M.D.M.A.G.
- Ref: 105. A.M.I.G.
- Ref: 106. S.A.P.R.
- Ref: 107. G.I.R.
- Ref: 109. S.P.R.
- Ref: 115. M.C.I.B.
- Ref: 117. M.M.M.L.
- Ref: 118. J.D.M.
- Ref: 119. J.A.P.R.
- Ref: 120. C.C.M.
- Ref: 121. J.L.P.R.
- Ref: 122. M.F.V.M.
- Ref: 124. A.M.G.
- Ref: 125. J.F.P.
- Ref: 126. E.A.G.
- Ref: 127. M.P.P.S.
- Ref: 129. C.H.L.

Concello de Cangas



Concello de Cangas

- Ref: 130. I.G.R.
- Ref: 131. L.G.S.
- Ref: 132. S.D.F.G.
- Ref: 133. M.D.S.
- Ref: 134. J.B.R.
- Ref: 138. S.E.J.
- Ref: 140. F.S.S.
- Ref: 141. S.J.F.
- Ref: 142. J.F.M.
- Ref: 143. M.C.F.M.
- Ref: 145. A.J.J.
- Ref: 147. Panadería Salgueiro CB
- Ref: 148. Plantas A Lagoa SL
- Ref: 149. G.G.G.
- Ref: 157. D.J.J.
- Ref: 159. M.G.B.
- Ref: 160. J.M.P.P.
- Ref: 167. J.C.P.A.
- Ref: 169. U.P.P.

CAMBIOS TITULARIDADE

- Ref: 21. A.M.F.T. - Rial y Fuentes C.B
- Ref: 36. Iglesias Míguez S.L - M.I.M.
- Ref: 95. J.J.D. - F.A.J.F.
- Ref: 114. P.V.A. - M.V.A.
- Ref: 146. J. A.E.M. - S.E.D.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes así como aos departamentos municipais de Tesourería, Estatística e Concellería de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DE ADDENDA DE PRÓRROGA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CANGAS PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO "PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS NA E.P. 1005 VISO-O HÍO, P.K. 0+000 A P.K. 1+000 (CANGAS)"

Dáse conta de escrito de data 09.11.2016 da Deputación Provincial de Pontevedra, referente a addenda de prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Cangas para a realización do proxecto "PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS NA E.P. 1005 VISO, P.K. 1+000 (CANGAS)", que di o seguinte:

"ADDENDA DE PRÓRROGA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE CANGAS PARA A REALIZACIÓN DO

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

PROXECTO "PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS NA E.P. 1005 VISO-HIO, P.K. 0+000 A P.K. 1+000 (CANGAS)"

No Pazo Provincial, a 23 de decembro de 2016

REUNIDOS

A Sra. D^a. María del Carmen Silva Rego, na súa condición de Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúen o artigo 34. 1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O Sr. D. Xosé Manuel Pazos Varela, na súa condición de Alcalde do Concello de Cangas, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

As partes recoñécense coa capacidade para formalizar a presente addenda o convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que con data de 28 de abril de 2015 asinouse o convenio de colaboración para a realización do proxecto "Pavimentación e dotación de servizos na E.P. 1005 Viso-Hío, p.k. 0+000 a p.k. 1+000 (Cangas)".

II.- Que a cláusula oitava deste convenio, recolle que a vixencia do devandito acordo esténdese dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016, podendo prorrogarse, no caso de que non se rematasen as actuacións obxecto do mesmo.

III. - Que as obrigacións asumidas entre as partes asinantes do devandito Convenio, enténdense vixentes desde a data da súa sinatura ata a data da súa extinción.

IV.- Que é previsible que as obras contempladas no referido Convenio non se atopen rematadas ó tempo previsto para o seu vencemento, por estar pendentes da correspondente licenza municipal.

V.- Que coa finalidade de dar continuidade á prestación obxecto do devandito convenio, as partes asinantes desta Addenda de Prórroga estiman necesario continuar coa devandita colaboración ata a liquidación do correspondente contrato de obras e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2017, de conformidade coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Subscribir a addenda de prórroga do Convenio de colaboración para a realización do proxecto "Pavimentación e dotación de servizos na E.P. 1005 Viso-Hío, p.k. 0+000 a p.k. 1+000 (Cangas)", co obxecto de prorrogar a vixencia do convenio prevista na súa cláusula sétima.

Segunda.- As partes asinantes acordan a prórroga ata a liquidación do correspondente contrato de obras e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2017, do Convenio de Colaboración subscrito con data de 28 de abril de 2015 entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Cangas. Polo tanto, os efectos da presente Addenda a este Convenio de Colaboración, estenderanse, como máximo, ata o 31 de decembro de 2017.

Terceira.- O resto do convenio permanecerá inalterable nas súas cláusulas, mentres non supoña contradición co disposto nesta addenda.

E en proba de conformidade , e para que conste ós efectos oportunos , as partes asinan todas as follas por duplicado do presente Acordo de Prórroga, no lugar e data indicados no seu encabezamento".

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850